

BANDO

EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO CANON DA AUGA OS USOS DESTINADOS A UNHA UNIDADE DE CONVIVENCIA INDEPENDENTE QUE ACREDITEN ESTAR EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

Poderán solicitar a exención aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

O enderezo para o cal se solicita a bonificación debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.

O titular do contrato de subministración de auga deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que é o pagador da factura-recibo de auga.

Os ingresos totais da unidade de convivencia non deben superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:

- a) Persoas perceptoras da **renda de integración social de Galicia**.
- b) Persoas perceptoras de **pensións non contributivas** nas modalidades de invalidez ou xubilación.
- c) Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan unha ausencia ou **déficit grave de recursos económicos** unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA E LUGAR DE PRESENTACIÓN

A solicitude **presentarase en Augas de Galicia** acompañada dun **informe emitido nos quince días anteriores á súa presentación polos servizos sociais comunitarios do concello** no que se certificará que cumpre os requisitos especificados anteriormente e **copia da última factura-recibo da auga**.

DEDUCCIÓN DO PAGAMENTO DO CANON DA POR TER A CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA.

Poderán solicitar a exención aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

Aplicarase unha **dedución do 50%** sobre a cota íntegra do canon cando corresponda aos usos destinados a vivenda habitual das **familias numerosas que acrediten formalmente tal condición.**

A dedución na cota por ter a condición de familia numerosa **só poderá obterse na vivenda principal**, sen que poida ser concedida nas restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa. Para tal fin, a solicitude deberá cumprir os **seguintes requisitos:**

- a) O enderezo para o cal se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade familiar.
- b) No caso de abastecerse a partir de entidade subministradora, o titular do contrato de subministración de auga deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que ten domiciliado o pagamento da factura-recibo de auga nalgunha conta bancaria de que sexa titular.

As familias numerosas que no momento de entrada en vigor do regulamento teñan recoñecida a dedución no canon de saneamento creado pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia non terán que presentar a declaración indicada a continuación para os efectos da aplicación da dedución por familia numerosa no canon da auga sempre que se manteña a situación que deu lugar ao recoñecemento daquela dedución.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O procedemento iníciase coa presentación perante Augas de Galicia dunha declaración de datos axustada ao modelo establecido para o efecto.

A declaración será realizada e asinada pola persoa que figure como **titular no título de familia numerosa** e, no caso de abastecerse a partir de entidade subministradora, deberá presentar **copia da última factura-recibo de auga** da vivenda en que se atopa empadroada a unidade familiar.

Na devandita solicitude, o solicitante deberá **autorizar** a comprobación da vixencia da condición de familia numerosa ante a Administración competente e, así mesmo, deberá figurar co correspondente autorización a Augas de Galicia para que comprobe, en relación ao empadroamento da unidade familiar, a veracidade dos datos.

Cambre, 11 de xullo de 2012

Manuel Rivas Caridad